



Modificación das normas de destino provisional.

Nova disposición transitoria.

A Consellaría presenta unha modificación da orde de destinos provisionais para que o profesorado interino e substituto que non presentou correctamente a instancia na sede electrónica da Xunta **non sexa expulsado das listas** como era a súa intención e así o recolleu na orde.

A CIG-Ensino xa alertara dos problemas que ía presentar a medida proposta e fomos tamén moi críticos co feito de que se convertese en fixa unha orde da relevancia do CADP, furtando o debate e a negociación desta Mesa Sectorial. Repasemos o que a CIG-Ensino dixo na Mesa Sectorial do 15 de maio de 2018 a este respecto:

“Hai que ter en conta que a realidade destes últimos anos evidencia que esta é unha orde que sufriu cambios e é susceptible, polo carácter temporal dos destinos, de sufrilos.

[Facer fixa a orde] É unha decisión que non ofrece ningunha mellora, recorta as posibilidades de negociación e evidencia que a administración non acepta propostas -nin melloras técnicas nin de condicións de traballo-: ao inmovilismo súmase a falta de transparencia.

Que non se elimine das listas ao persoal interino e que se indique na convocatoria que, de non se presentar instancia, a Consellaría recuperará a última presentada.

Pois ben, **reafirmámonos no que dixemos na Mesa Sectorial naquel momento** e entendemos que do mesmo xeito que agora a Consellaría introduce unha disposición transitoria para non excluír das listas a estas compañeiras e compañeiros tamén pode facer o mesmo para **rescatar**, no caso de que a teñan, **a última instancia presentada na aplicación de CADP.**

Somos conscientes de que esta modificación deixa fóra a aquelas persoas do

corpo de mestres que xa tiveron a adxudicación definitiva a principios de agosto, polo que a norma só podería afectar inicialmente ao persoal interino dos corpos de secundaria que terán a resolución definitiva o día 11, e que polo tanto estamos en prazo para solventar ese problema.

Solicitamos información sobre se existen mestras e mestres afectados e, no caso de que así sexa, debe buscarse unha solución para garantir que teñan dereito ás

interinidades que vaian aparecendo aínda que fosen chamados para facer unha substitución, sempre e cando lles tivese correspondido traballar.

A CIG-Ensino entende, e así llo trasladou á Consellaría no momento no que se fixeron publicas as resolucións provisionais, que o obxectivo mínimo era evitar que estas persoas perdesen o seu dereito a traballar, que o foi ademais a única alternativa que a

Consellaría estaba disposta a aceptar e que agora presenta na Mesa. Entendemos por tanto como un paso adiante da Consellaría recoñecer o erro de promover un cambio destas características e evitar unha medida tan drástica como a incluída no texto da orde mais tamén pensamos que pode ser maior o avance e permitir a participación na adxudicación daquelas persoas que teñan instancia no CADP.

A administración resposta que non vai recuperar a última instancia presentada e que non ten o número de afectadas con precisión, pero son coñecedores de 60 mestras que non pediron das cales 30 traballaron o ano anterior, algunha delas desde fai máis de 10 anos. En canto a secundaria, fálanos, sen concretar, dun número que pode multiplicar por 3 o de primaria.

Disposición transitoria oitava.

Efectividade dos artigos 2.1.j) e 39.2 da presente orde.

O parágrafo segundo do artigo 2.1.j) e 39.2 desta orde entrarán en vigor coa solicitude que deberá formularse para o curso académico 2019-2020.

Aquelas persoas que non realicen a solicitude de praza para o curso académico 2018-2019 non perderán o seu posto na lista ou listas correspondentes e poderán ser chamados para realizar interinidades ou substitucións, unha vez efectuada a adxudicación definitiva dos destinos provisionais para o curso académico 2018-2019.

Apartados aos que fai referencia.

2.1.j)En todo caso, o persoal interino e substituto estará obrigado a efectuar, como mínimo, unha solicitude por un dos corpos. De non facelo, o persoal interino ou substituto decaerá dos seus dereitos en todas as listas.

2. O persoal docente interino e substituto que, estando obrigado a participar, non formule solicitude en ningunha especialidade, agás a excepción prevista na epígrafe anterior deste artigo, decaerá de todos os seus dereitos nas listas de todas as especialidades en que tiña dereito a participar de acordo co establecido nas epígrafes i) e j) do artigo 2 da presente orde.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal